



INFORMACIÓN BÁSICA PARA ALUMNADO E FAMILIAS SOBRE PROCEDIMENTOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

1.- Criterios de cualificación do alumnado.

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O **75%** da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada (segundo criterio da profesora en función do peso da materia) das probas escritas. Un **20%** obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

O **5%** restante correspóndese coa entrega e valoración do caderno de clase.

A media aritmética será efectiva no caso de que en cada unha das probas se acade un mínimo de 3,25 puntos. En caso contrario, a avaliación figurará como suspensa.

Para superar a avaliación deberase obter unha puntuación de 5 ou superior, aplicando o sistema de redondeo.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións, podéndose realizar dita media no caso de ter as tres avaliacións superadas. En caso contrario o curso figurará como non superado.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

No caso da terceira avaliación, evidentemente, a proba de recuperación farase antes da avaliación final.

Se antes desta avaliación final, atopamos unha alumna ou alumno cunha única avaliación suspensa entregaráselle un boletín de exercicios relativo aos coñecementos de dita

avaliación, que de ser resoltos satisfactoriamente serán cualificados cun máximo de 5 puntos.

2.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente.

O alumnado que teña unha materia pendente dos cursos anteriores será obxecto dun programa de reforzo que consistirá no seguimento da materia mediante **actividades propostas para entregar en dúas quendas, no mes de xaneiro e no mes de maio. Neses meses, tras a entrega das actividades realizaranse sendas probas escritas.**

A cualificación das actividades terá un peso do 30% e da proba escrita dun 70%.

A cualificación final será a media aritmética dos dous bloques aplicando o redondeo.

A materia seguirá suspensa, sen posibilidade de facer a media aritmética se nalgunha das partes se obtén 3 ou menos de 3.